

**Pais/nais do alumnado para o vindeiro curso 2020/2021**A dirección do CPI Ponte Carreira **INFÓRMALLES QUE:**

1. Recórdaselle aos usuarios de comedor que neste curso non tiveron gratuidade total e que aínda non presentaron o exemplar da administración coas **taxas** correspondentes ao mes de **marzo e/ou anteriores**, unha vez aboadas estas, deben entregar este dito exemplar no centro nos primeiros días deste mes de xullo.
2. O horario de atención ao público no mes de xullo será de 10:00 a 13:00h.
3. Todo o alumnado, escolarizado neste centro para o curso **2020/2021**, que desexa facer **uso do servizo de comedor** escolar ten que solicitar a condición de usuario, para o que deberán entregar no centro o ANEXO II, debidamente cuberto durante o mes de **xullo**.

Resume da Instrución de comedor 2020/2021

G R A T U I D A D E	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes. • O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar. • O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %. • O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente. • O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 € <p style="text-align: center;"><i>Calquera das condicións anteriores hai que acreditarlas documentalmente</i></p>		
	1€	Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
		Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
		Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €
2,50€	Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €	
	Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €	
4,50€	Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €	
	Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €	

Para facer a *autodeclaración* terase en conta a **renda do ano 2019** e procederase manualmente como se indica no modelo; tamén poden axudarse cun simulador de taxas ao que se accede dende: <https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

A efectos de unidade familiar:

Matrimonios: os cónxuxes máis fillos menores de idade que non estean independizados e os maiores de idade que sexan dependentes, isto hai que acreditarlo.

Separación legal ou parellas de feito: solo un dos proxenitores (pai ou nai) e a totalidade dos fillos menores, sen independizarse, que convivan con el ou ela.